

# A LINGUA GALEGA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

PROXECTO: O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO 1980-2000:  
MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Equipo investigador:

**COORDINACIÓN: Henrique Monteagudo e Xan Bouzada**  
**DIRECCIÓN: Xan Bouzada e Anxo Lorenzo**  
**INVESTIGADORES PRINCIPAIS: Anxo Lorenzo e Fernando Ramallo**



SECCIÓN DE LINGUA

Ofrecemos a continuación os principais resultados da enquisa “A lingua galega nos medios de comunicación: situacións e opinións”<sup>1</sup> que se realizou cunha mostra da poboación galega maior de 18 anos sobre a presenza da lingua galega nos medios de comunicación.

O cuestionario utilizado estruturouse en catro áreas temáticas xerais:

1. Perfil social
2. Perfil sociolingüístico
3. Consumo de medios
4. Actitudes perante o uso do galego nos medios

## **1. CONSUMO DE MEDIOS**

A sociedade galega, ao igual que a maior parte das sociedades occidentais, fai un consumo masivo dos tradicionais medios de comunicacións audiovisuais que están presentes na maioría dos fogares galegos: a radio e a TV.

A radio é escoitada diariamente polo 66% da poboación e a TV é utilizada como medio de comunicación cotiá polo 92%. Os medios escritos son usados de xeito máis reducido: un 48% le o xornal todos os días e un 25% é afeccionado á lectura diaria de libros.

As novas tecnoloxías aínda están pouco espalladas entre a poboación, cun nivel de penetración moi baixo. A cota de consumo diaria acada o 10%, mentres que sete de cada dez galegos nunca navega por internet. Por último, cómpre indicar que un 6% dos galegos vai ao cine unha ou máis veces por semana.

Na Galicia actual, o consumidor pode optar por medios de comunicación en galego ou en castelán. Con todo e como é ben sabido, esta elección é só parcialmente realista dada a desigual distribución de medios, tanto cuantitativa coma cualitativamente. Sirva só de exemplo o que acontece na prensa escrita diaria; mentres que en galego tan só circula un xornal (*Galicia-Hoxe*), en castelán podemos elixir entre varias dúcias. Unha distribución semellante dáse nos medios audiovisuais. Xa que logo, os datos que a continuación presentamos deben ser acollidos tendo en conta esta situación.

Nunha realidade como a descrita, é salientábel que un 61% da poboación galega utilice diariamente a TVG como medio de comunicación. Dado que non estamos ante opcións excluíntes, hai que ser prudentes á hora de concluír que a TVG é a canle máis seguida polos telespectadores galegos. Con todo, hai un dato adicional que permite ir nesa dirección: para a maioría dos galegos a TVG é a canle preferida, seguida de TVE1, de Tele 5 e de Antena 3. O resto das canles, incluídas as televisións locais, comarcais, e plataformas, a penas son preferenciais para os galegos.


Escoitar a radio en galego é unha actividade que realiza a diario unha de cada tres persoas. Nos medios escritos, no cine e en internet os datos son máis desalentadores. A raquílica presenza de xornais escritos en galego, fai que sexa moi pouco probable o recurso a esta lingua para a lectura diaria. Algo semellante pódese

---

<sup>1</sup> A ficha técnica da enquisa figura á fin deste documento.

## A lingua galega nos medios de comunicación

dicir a propósito do cine. Son moi escasas as posibilidades que un galego ten de asistir á proxección dunha película dobrada a súa lingua. Xa que logo, ver unha película en galego é un acontecemento extraordinario. O usuario habitual de internet tampouco acostuma utilizar esta lingua na súa práctica.



**GRÁFICO 1.** Cota de penetración dos medios e porcentaxe de persoas que recorren ao galego como lingua de consumo. A audiencia mídese como se indica a continuación:

Libros: lectores / mes; Xornais: lectores / día; Semanarios: lectores / semana; Radio: oíntes / día; Televisión: espectadores / día; Cine: espectadores / semana; Internet: usuarios / mes


O gráfico mostra ademais que as maiores distancias entre a cota de penetración dun determinado medio e o seu consumo en galego dáse nos semanarios e na lectura de libros. Mentres que un 40% dos galegos le semanarios, tan só o fai en

galego un 2%; polo que respecta á lectura de libros as porcentaxes son 47% para lectores mensuais e 10% para os que o fan de libros en galego.

## 2. ACTITUDES ANTE O USO DO GALEGO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Para avaliar a situación do galego nos medios de comunicación, e sobre todo para facer unha análise prospectiva sobre o futuro desta lingua no sector, cómpre unha análise pormenorizada das actitudes dos consumidores ante este realidade.

O resultado da enquisa pon en evidencia que os consumidores galegos son moi conscientes da minorización que a lingua galega ten nos medios de comunicación distribuídos na nosa comunidade. De feito, establécense dous grupos moi claros nas variables que inciden na dimensión cognitiva das actitudes. Por un lado, están aqueles medios nos que unha maioría considera que o galego ten unha presenza moi cativa, como son o cine (81%), os semanarios (78%), internet (73%), e os xornais (66%) e por outra están aqueles medios nos que os entrevistados consideran que a presenza de galego é adecuada: TV (70%) e radio (68%). Finalmente, no caso da publicidade hai unha polaridade moi nidia, cun 50% que opina que é adecuada e o outro 50% que é escasa.



**GRÁFICO 2.** Porcentaxe de persoas que opina que a presenza do galego é escasa nos distintos medios de comunicación.


Hai que sinalar que son insignificantes as porcentaxes daqueles que consideran que a presenza do galego é excesiva. En ningún dos medios analizados chega ao 1%.

Así e todo, cando se solicita maior concreción a demanda de máis galego nos medios acada tamén porcentaxes elevadas nas televisións locais (48%), nas

## A lingua galega nos medios de comunicación

plataformas dixitais (57%), nas televisións de ámbito estatal (42%), nas emisoras de radio de ámbito local (47%) e nas de cobertura estatal (47%).

O lector habitual de prensa reclama unha maior presenza do galego nos xornais. Un 60% considera que debería aumentar o galego tanto nas seccións informativas canto nas de opinión. Pola súa parte, aqueles que consideran que o seu xornal habitual ten suficiente espazo redactado en galego acada o 18%.



**GRÁFICO 3.** Demanda de galego nos xornais

Tendo en conta os lectores habituais dos xornais galegos de información xeral as porcentaxes de demanda de máis galego son as seguintes<sup>2</sup>:

---

<sup>2</sup> Ordenados de maneira ascendente segundo a porcentaxe de demanda de máis galego. Non se inclúe *Galicia-Hoxe* por ser o galego a lingua habitual de comunicación deste xornal (agás en boa parte da publicidade). Os datos da terceira columna proceden de Álvarez Pousa (1999). *Prensa ameazada. Dende a Transición ao Fraguismo*. Santiago de Compostela, LEA.

Xornal	Porcentaxe que demanda máis galego	Porcentaxe de galego nos xornais de Galicia
<i>El Correo Gallego</i>	49	5,7
<i>El Ideal Gallego</i>	57	0,9
<i>Diario de Ferrol</i>	57	Sen datos
<i>Diario de Pontevedra</i>	57	1
<i>Atlántico Diario</i>	60	2,8
<i>Faro de Vigo</i>	61	2,7
<i>La Opinión de A Coruña</i>	61	Sen datos
<i>La Voz de Galicia</i>	63	5,1
<i>La Región</i>	70	3
<i>El Progreso</i>	72	3,1

Ademais do dito, corrobórase a demanda dun novo xornal en galego. Para a maioría da poboación a lingua preferida para un posible novo xornal editado en Galicia é o galego (51%), mentres que os que preferirían aumentar a cota do castelán acada o 11%. O resto, un 33% opta por un xornal cunha presenza similar das dúas linguas.

Estas preferencias están estratificadas socialmente tendo en conta variables como a idade, o nivel de estudos acadado ou a lingua habitual. A maior demanda do galego para un novo xornal dáse entre a poboación menor de 40 anos, con estudos medios ou superiores e falante habitual de galego ou bilingüe con predomio desta lingua. En calquera caso, non se constata ningún grupo social que aposte por un novo xornal redactado só en castelán. Mesmo entre a poboación máis remisa as porcentaxes de preferencia dun xornal en galego son sempre superiores ás da opción en castelán.

		PORCENTAXE QUE PREFIRE UN NOVO XORNAL EN GALEGO	PORCENTAXE QUE PREFIRE UN NOVO XORNAL EN CASTELÁN
<b>Idade</b>	De 18 a 25 anos	<b>67</b>	3
	De 26 a 40 anos	63	7
	De 41 a 65 anos	45	14
	Maiores de 65	40	17
<b>Estudios</b>	Sen estudos	50	21
	Primarios	49	12
	Medios	<b>56</b>	11
	Superiores	51	8
<b>Lingua habitual</b>	Só galego	<b>58</b>	10
	Máis galego	57	9
	Máis castelán	46	13
	Só castelán	34	17

## **Resumo final**

Presentamos como remate un resumo dalgúns dos puntos máis salientables que acabamos de sinalar:

- Con respecto ao consumo de medios de comunicación en Galicia:
  - Un 61% da poboación galega utiliza diariamente a TVG e unha de cada tres persoas escoitan diariamente a radio en galego.
  - Nos medios escritos, no cine e en internet, os datos son diferentes. A escasa presenza de xornais escritos en galego fai que sexa moi pouco probable o recurso a esta lingua para a lectura diaria. Algo semellante pódese dicir a propósito do cine. Son moi escasas as posibilidades que un galego ten de asistir á proxección dunha película dobrada a súa lingua. O usuario habitual de internet tampouco acostuma utilizar esta lingua na súa práctica.
- As maiores distancias entre a cota de penetración dun determinado medio de comunicación e o seu consumo en galego dáse na lectura de SEMANARIOS e de LIBROS. Mentres que un 40% dos galegos le semanarios, tan só o fai en galego un 2%; e respecto da lectura de libros, as porcentaxes son 47% para lectores mensuais e 10% para os que o fan de libros en galego.
- O lector habitual de prensa reclama unha maior presenza do galego nos xornais actualmente existentes. Un 60% considera que debería aumentar o galego tanto nas seccións informativas como nas de opinión.
- Cando se pregunta pola lingua dun hipotético novo xornal que se pretendese editar en Galicia, a maioría da poboación –o 51%– preferiría o galego, un 33% optaría por un xornal cunha presenza similar das dúas linguas, e o 11% preferiría que o castelán tivese máis presenza. A maior demanda do galego para un novo xornal dáse entre a poboación menor de 40 anos, con estudos medios ou superiores e falante habitual de galego ou bilingüe con predominio desta lingua.

## **FICHA DA ENQUISA**

- Universo: Poboación adulta residente en Galiza.
- Tipo de mostra: Polietápica. Estratificáronse os concellos por hábitats de residencia (7), seleccionáronse de xeito aleatorio os concellos (31), do mesmo xeito os fogares sobre un listado actualizado de liñas telefónicas fixas, e aplicouse un sistema de cotas de xénero e idade para a selección de entrevistados.
- Tamaño da mostra: 1.203 entrevistas.
- Erro de mostraxe: Na hipótese dunha mostraxe aleatoria simple, cun nivel de confianza do 95,5% (dous sigmas) e supoñendo unha distribución dicotómica igualitaria de respostas ( $p=q=0,5$ ) o erro máximo admitido na estimación dunha porcentaxe é de  $\pm 2,89\%$ .
- Tipo de entrevista: Telefónica asistida por computador (sistema CATI).
- Duración do traballo de campo: 1 mes, do 4 de decembro de 2003 ao 4 de xaneiro de 2004 (días laborables de luns a venres en horarios de mañá e tarde).
- Elaboración da mostra: Fernando Ramallo (Consello da Cultura Galega).
- Dirección do campo: Armando Broz Fidalgo e Carlos Neira Cortizas.
- Empresa: Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais, Soc. Coop. Galega, para a Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega.